Estimadas e estimados colegas.

Como en anos anteriores, neste inicio do curso, dirixímonos a vós para trasladarvos unha orientación básica do exame de Física da PAU 2027.

En primeiro lugar, queremos lembrar que na PAU de 2027, os currículos estarán determinados, salvo que se dite normativa ou instrución específica noutro sentido, pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, na súa redacción vixente tras as modificacións introducidas pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro; polo Real decreto 243/2022, do 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do bacharelato, e polo Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, e as súas posteriores modificacións (DOG núm. 183, do 26 de setembro de 2022)

Ademais, o Real Decreto 534/2024, do 11 de xuño, polo que se regulan os requisitos de acceso as ensinanzas universitarias oficiais de Grao, as características básicas da proba de acceso e a normativa básica dos procedementos de admisión, introduce a avaliación por competencias no modelo de exame. Os exercicios deben ter, por tanto, un deseño competencial que permita comprobar o grao de consecución das competencias específicas das materias. Os exercicios requirirán do estudantado a creatividade e capacidade de espírito crítico, de reflexión e de madurez para resolver por escrito unha serie de cuestións ou tarefas adecuadas ás competencias específicas avaliadas.

De cara á PAU 2027, seguindo as instrucións da CIUG, o exame de Física constará de catro preguntas, de 2,5 puntos cada una, correspondentes a cada un dos catro bloques de contidos (2-5) do Decreto 157/2022.

O modelo da estrutura deste exame é o publicado pola CIUG, que se resume a continuación:

- A primeira das preguntas do exame é **de carácter competencial**, sen opcións nos apartados, e corresponderá ao bloque 2 (Campo gravitacional ) ou ao bloque 4 (Vibracións e ondas) do decreto mencionado. Esta pregunta constará de dous ou tres apartados adaptados ás distintas competencias a avaliar.

As tres preguntas restantes terán a seguinte estrutura:

- Unha **cuestión obrigatoria** de carácter teórico/conceptual con posibles respostas. A selección da resposta que se considere correcta debe ser razoada, sendo válida a posibilidade de demostración por descarte das inválidas. O valor máximo desta cuestión será 1 punto.

- **Un problema** a escoller entre dúas opcións. O valor máximo deste problema será 1,5 puntos e constará de dous apartados.

O modelo de exame de Física publicado na web da CIUG sigue a estrutura descrita.

Os valores das constantes físicas que puideran ser necesarias para a resolución das catro preguntas aparecerán de forma conxunta ao final dos enunciados en cada lingua.

As catro preguntas que compoñen o exame estarán adaptadas ao tempo de realización do exame (90 min)

Por último, quedamos á vosa disposición para calquera consulta, aclaración ou suxestión.

Grazas pola vosa colaboración e un cordial saúdo,

Grupo de Traballo de Física